

Convocatoria de Axudas para a inscrición á XL Reunión Bienal da RSEQ (Bilbao, 2025)

Sección territorial de Galicia

A sección territorial de Galicia pertencente á Real Sociedade Española de Química (RSEQ) convoca 12 axudas para financiar a participación de investigadores/as novos/as na XL Reunión Bienal da Real Sociedade Española de Química que terá lugar en Bilbao, do 30 de xuño ao 3 de xullo de 2025. (<https://brseq2025.com/>).

As axudas financiarán a totalidade da inscrición (tarifa temperá) para:

- i) 12 estudantes socios – inscrición con cea

Requisitos dos/as solicitantes

1. Estar adscrito/a á Sección Territorial de Galicia
2. Estar ao día do pagamento da cota 2025.
3. Presentar algún tipo de contribución (comunicación oral, flash ou póster) nalgún dos simposios da Bienal.

No caso de optar ás axudas para ‘**estudantes socios**’ débense cumprir os requisitos establecidos polo Comité Organizador da Bienal: *“Os/as solicitantes deberán aportar un documento oficial da súa universidade para xustificar a súa condición de estudante”*.

Proceso de solicitude

1. Acceder ao apartado *Axudas > Solicitude de Axudas* (<https://brseq2025.com/ayudas/solicitud-ayudas>) para solicitar a axuda correspondente.
IMPORTANTE: Teña en conta que previamente debe ter accedido ao apartado [Comunicacións](#) e remitido unha comunicación na que vostede sexa Autor Presentador.
2. Facer clic no botón *“Formulario de solicitude de axudas”* e encher o formulario.
3. Adxuntar o documento oficial que acredite a condición de estudante, no caso de ter esta condición.

As axudas poderán solicitarse do **24 de febreiro ao 7 de marzo de 2025**.

Criterios de adxudicación

As axudas concederanse por orde de solicitude para quen cumpra os requisitos establecidos, até que sexan asignadas a totalidade das axudas previstas, **mantendo un reparto equitativo entre as tres universidades do SUG**, para o que se terá en conta a universidade na que estean matriculados/as os beneficiarios/as.

No caso de que o Comité Científico rexeite a comunicación presentada, a axuda quedará automaticamente denegada.

Resolución

Unha vez resoltas as axudas, a Secretaría Técnica da Bienal contactará cos/as solicitantes cuxas axudas foran concedidas (4 de abril de 2025) e lles indicará o procedemento que deben seguir para finalizar a inscrición na Bienal. Os/as beneficiarios/as teñen a **obriga** de realizar o proceso de inscrición antes do **18 de abril de 2025**, mais **non deberán** abonar ningún cargo pola mesma.

A Secretaría Técnica da Bienal tamén notificará a quen non lles sexa concedida ningunha axuda. Neste caso, o solicitante deberá pagar o importe completo da inscrición.

Teña en conta que desde a nosa Sección Territorial non se emitirá ningunha resolución de concesión.

Información adicional

Calquera consulta sobre a presente convocatoria pode ser remitida a stgal@rseq.org.

Información sobre o tratamento de datos persoais

Os datos de carácter persoal proporcionados polo/a candidato/a interesado/a en presentarse a esta convocatoria de axudas serán tratados pola REAL SOCIEDAD ESPAÑOLA DE QUÍMICA (RSEQ) como responsable, aínda que serán recollidos pola empresa AM *Conferences & Meetings* S.L no seu rol de encargada. Todo isto coa finalidade de xestionar a súa participación de acordo coas presentes bases publicadas con antelación no sitio da RSEQ, aceptando e consentindo o tratamento dos seus datos ao cumprimentar o formulario de solicitude de axudas á inscrición na web da XL Bienal da Real Sociedade Española de Química.

Os datos solicitados serán tratados conforme ao Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 (RGPD), e a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

Os datos que lle solicitamos son necesarios e teñen a finalidade de tramitar a súa solicitude, sendo a base de lexitimación a relación precontractual pola que opta como candidato/a á axuda para a inscrición á XL Reunión Bienal da RSEQ (Bilbao, 2025) da Sección territorial de Galicia.

Os seus datos persoais serán comunicados a terceiros como parte do proceso de concesión e, en caso de resultar concedida a axuda, para cumprir coas obrigas legais e tributarias, se así se require. A RSEQ conservará os seus datos como candidato/a durante 2 anos, e transcorridos os prazos de conservación ou bloqueo de datos, os datos persoais serán eliminados conforme ás nosas políticas internas, salvo os datos dos beneficiarios/as que se manterán por razóns históricas e estatísticas durante toda a vida útil da propia RSEQ.

Exactitude e veracidade dos datos. Vostede como candidato/a é o único/a responsable da veracidade dos datos que nos remita, exonerando á RSEQ de calquera responsabilidade ao respecto.

En calquera momento poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento dos seus datos dirixíndose por escrito á RSEQ, Facultad de Ciencias Químicas, UCM. Avda. Complutense s/n, 28040 Madrid ou ao enderezo electrónico: rgpd@rseq.org e/ou presentar unha reclamación, se considera vulnerados os seus dereitos, ante a Axencia Española de Protección de Datos a través da web www.agpd.es. Emprazámoslle a que consulte a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no apartado [política de privacidade](#) da nosa web.

Convocatoria de Ayudas para la inscripción a la XL Reunión Bienal de la RSEQ (Bilbao, 2025)

Sección territorial de Galicia

La sección territorial de Galicia perteneciente a la Real Sociedad Española de Química (RSEQ) convoca 12 ayudas para financiar la participación de investigadores jóvenes en la XL Reunión Bienal de la Real Sociedad Española de Química que se celebrará en Bilbao, del 30 de junio al 3 de julio de 2025. (<https://brseq2025.com/>).

Las ayudas financiarán la totalidad de la inscripción (tarifa temprana) para:

- i) 12 estudiantes socios – inscripción con cena

Requisitos de los solicitantes

4. Estar adscrito/a la Sección Territorial de Galicia
5. Estar al día del pago de la cuota 2025.
6. Presentar algún tipo de contribución (comunicación oral, flash o póster) en uno de los simposios de la Bienal.

En el caso de optar a las ayudas para ‘**estudiantes socios**’ se deben cumplir los requisitos establecidos por el Comité Organizador de la Bienal: *“Los/as solicitantes deberán aportar un documento oficial de su universidad para justificar su condición de estudiante”*.

Proceso de solicitud

4. Acceder al apartado Ayudas > Solicitud de Ayudas (<https://brseq2025.com/ayudas/solicitud-ayudas>) para solicitar la ayuda correspondiente.
IMPORTANTE: Tenga en cuenta que previamente debe haber accedido al apartado [Comunicaciones](#) y remitido una comunicación en la usted sea Autor Presentador.
5. Hacer clic en el botón “Formulario de solicitud de ayudas” y rellenar el formulario.
6. Adjuntar el documento oficial que acredite la condición de estudiante, en caso de serlo.

Las ayudas podrán solicitarse del 24 de febrero al **7 de marzo de 2025**.

Criterios de adjudicación

Las ayudas se concederán por orden de solicitud de quienes cumplan los requisitos establecidos, hasta que se asignen la totalidad de las ayudas previstas **manteniendo un reparto equitativo entre las tres universidades del SUG**, para lo cual se tendrá en cuenta la universidad en la que estén matriculados/as los beneficiarios/as.

En caso de que el Comité Científico rechace la comunicación presentada, la ayuda quedará automáticamente denegada.

Resolución

Una vez resueltas las ayudas, la Secretaría Técnica de la Bienal contactará con los/as solicitantes cuyas ayudas hayan sido concedidas (**4 de abril de 2025**) y les indicará el procedimiento que deben seguir para finalizar la inscripción en la Bienal. Los beneficiarios tienen la **obligación** de realizar el proceso de inscripción antes del **18 de abril de 2025**, si bien **no deberán** abonar ningún cargo por la misma.

La Secretaría Técnica de la Bienal también notificará a quienes no les sea concedida ninguna ayuda. En este caso, el solicitante deberá pagar el importe completo de la inscripción.

Tenga en cuenta que desde nuestro Grupo no se emitirá ninguna resolución de concesión.

Información adicional

Cualquier consulta sobre la presente convocatoria puede ser remitida a stgal@rseq.org

Información sobre el tratamiento de datos personales

Los datos de carácter personal proporcionados por el candidato interesado en presentarse a esta convocatoria de ayudas serán tratados por la REAL SOCIEDAD ESPAÑOLA DE QUÍMICA (RSEQ) como responsable, aunque serán recopilados por la empresa AM *Conferences & Meetings* S.L en su rol de encargada. Todo ello con la finalidad de gestionar su participación de acuerdo con las presentes bases publicadas con antelación en el sitio de la RSEQ, aceptando y consintiendo el tratamiento de sus datos al cumplimentar el formulario de solicitud de ayudas a la inscripción en la web de la XL Bienal de la Real Sociedad Española de Química.

Los datos solicitados serán tratados conforme al Reglamento 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo del 27 de abril de 2016 (RGPD), y a la Ley Orgánica 3/2018 del 5 de diciembre de protección de datos personales y garantía de los derechos digitales (LOPDGDD).

Los datos que le solicitamos son necesarios y tienen la finalidad de tramitar su solicitud, siendo la base de legitimación de la relación precontractual por la que opta como candidato/a a la ayuda para la inscripción a la XL Reunión Bienal de la RSEQ (Bilbao, 2025) de la Sección territorial de Galicia.

Sus datos personales serán comunicados a terceros como parte del proceso de proceso de concesión y, en caso de resultar concedida la ayuda, para cumplir con las obligaciones legales y tributarias, si así se requiere. La RSEQ conservará sus datos como candidato/a durante 2 años, y transcurridos los plazos de conservación o bloqueo de datos, los datos personales serán eliminados conforme a nuestras políticas internas, salvo los datos de los beneficiarios/as que se mantendrán por razones históricas y estadísticas durante toda la vida útil de la propia RSEQ.

Exactitud y veracidad de los datos. Usted como candidato/a es el único responsable de la veracidad de los datos que nos remita, exonerando a la RSEQ de cualquier responsabilidad al respecto.

En cualquier momento podrá ejercer sus derechos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidad y limitación del tratamiento de sus datos, dirigiéndose por escrito a la RSEQ, Facultad de Ciencias Químicas, UCM. Avda. Complutense s/n, 28040 Madrid o al email: rgpd@rseq.org y/o presentar una reclamación, si considera vulnerados sus derechos, ante la Agencia Española de Protección de Datos a través de la web www.agpd.es. Le emplazamos a que consulte la información adicional y detallada sobre Protección de Datos en el apartado [política de privacidad](#) de nuestra web.